REVERDECENDO

ESTRATEXIA 23-27

Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativa

GDR Terra e Auga

CONTIDOS

01. GDR TERRA E AUGA ...3

Unha rede para impulsar o territorio

02. REVERDECENDO ...7

EDLP 23-27

2.1. A estratexia: Reverdecendo ...8

2.2. O concepto: A rede invisible que sostén o visible ...10

2.3. O territorio: A colaboración como motor do desenvolvemento territorial ...13

2.4. A táctica: Como se articula a estratexia territorial ...15

03. PROXECTOS EN DESENVOLVEMENTO

2026-2028 GDR Terra e Auga

3.1. Activaverde ...20

3.2. Ecofront_Minho ...21

3.3. Terralimenta ...22

3.4. Terranova ...23

3.5. Sementeira ...24

3.6. Enecore ...25

3.7. Como se relacionan os proxectos ...26

01.

GDR TERRA E AUGA

Unha rede para impulsar o territorio



GDR TERRA E AUGA

Unha rede para impulsar o territorio

O **GDR Terra e Auga** é unha Asociación de Desenvolvemento Rural que traballa de forma conxunta nos concellos de **Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.**



O seu ámbito de actuación é, polo tanto, supramunicipal: **unha mirada compartida sobre un territorio diverso e conectado.**

O GDR non traballa para un único concello, senón que **recoñece necesidades, descobre oportunidades e conecta retos comúns** para impulsar solucións que fagan avanzar o conxunto do territorio, sen perder de vista **a identidade e o potencial de cada municipio.**

O GDR conecta, articula, impulsa e acompaña o desenvolvemento do territorio.

GDR TERRA E AUGA

Misión e valores

A nosa misión é promover un desenvolvemento sostible, endóxeno e harmónico, principalmente a través da xestión do programa LEADER e doutras fontes de financiamento públicas e privadas.

Un desenvolvemento **sostible** que aproveite os recursos sen comprometer as xeracións futuras; **endóxeno**, construído desde o propio territorio e coa participación de quen o habita; e **harmónico**, buscando un crecemento equilibrado e xusto entre as diferentes partes que o integran.

A cooperación, a innovación, o compromiso e a proactividade son os valores que guían esta forma de traballar. Unha maneira de avanzar que busca converter o GDR nun axente de referencia capaz de dinamizar, conectar e articular iniciativas que xeren oportunidades e melloren a calidade de vida do territorio no seu conxunto.

OS RETOS DO TERRITORIO

01 **Fixar poboación e xerar oportunidades.**

O envellecemento demográfico, **a perda de poboación activa e as dificultades de acceso á vivenda** condicionan o futuro do territorio. A isto súmase a necesidade de xerar emprego e novas oportunidades, especialmente para as xeracións máis novas.

02 **Recuperar e activar o territorio rural.**

O abandono de terras agrarias, o desprestixio do sector agrario e a debilidade do cooperativismo **dificultan o relevo e a continuidade da actividade rural.**

03 **Protexer e aproveitar os recursos.**

O territorio conta con importantes recursos naturais, agrarios, culturais e patrimoniais, pero **algúns están infrautilizados ou ameazados polo cambio climático**, o risco de incendios, a dependencia enerxética e determinados modelos de desenvolvemento. O reto é conservar estes recursos, xestionalos de forma sostible e convertelos en oportunidades para o territorio.

04 **Traballar como un territorio conectado.**

As dificultades de transporte e conectividade, xunto coa dispersión de recursos e iniciativas e a falta de coordinación entre algúns sectores, poñen de manifesto **a necesidade de reforzar a cooperación entre concellos e axentes.**



02.

REVERDECENDO

Estratexia de Desenvolvemento Local
23-27 GDR Terra e Auga

2.1. A ESTRATEXIA

Reverdecendo EDLP 23-27

Reverdecendo é a estratexia de desenvolvemento local do GDR Terra e Auga para o período 2023-2027. Nace de mirar o territorio de preto: **de escoitar as súas necesidades, recoñecer os seus recursos e descubrir as oportunidades que poden abrir novos camiños para o seu futuro.** Desde esta visión, buscamos impulsar a transición ecolóxica do territorio, poñendo en valor aquilo que xa o fai único e xerando novas oportunidades económicas e sociais. Para facelo posible, Reverdecendo propón unha **mirada transversal** sobre ámbitos como:

ECONOMÍA — **AGRICULTURA** — **MEDIO AMBIENTE**

PATRIMONIO — **EMPREGO** — **TURISMO**

INNOVACIÓN — **ENERXÍA** — **COHESIÓN SOCIAL**

Os tres grandes obxectivos de Reverdecendo

1. Crear un novo modelo económico diversificado e competitivo.

2. Conservar e poñer en valor o medio ambiente e o patrimonio.

3. Mellorar a calidade de vida, a igualdade e a cohesión social.

2.1. A ESTRATEXIA

Reverdecendo EDLP 23-27

Reverdecendo non busca unicamente conservar o que xa existe, **senón recuperar, activar e conectar os recursos e capacidades do territorio** para construír un modelo máis sostible, resiliente e con futuro.

Esta estratexia cobra vida a través de **diferentes proxectos e iniciativas** que, aínda que abordan ámbitos diversos, comparten un mesmo propósito e avanzan nunha mesma dirección.

Sumando esforzos para impulsar unha transformación integral do territorio cara a un modelo máis sostible, resiliente, diverso e conectado.


Proxectos en desarrollo 2026-2028:

- ACTIVAVERDE
- ECOFRONT_MINHO
- TERRALIMENTA
- TERRANOVA
- SEMENTEIRA
- ENECORE

2.2. O CONCEPTO

A rede invisible que sostén o visible

Tomamos **o micelio** como concepto aglutinador de toda a estratexia porque **representa unha rede invisible que conecta, sostén e fai posible o crecemento de todo un ecosistema.** A partir desta idea, utilizámolo como metáfora da rede que sostén e conecta o territorio: **persoas, concellos, empresas, recursos e iniciativas.**




O micelio é a parte viva e vexetativa dos fungos, formada por unha rede de filamentos microscópicos chamados hifas. Nos ecosistemas, esta rede conecta as raíces de árbores e plantas e permite o intercambio de nutrientes, auga e sinais.

Desta rede na que circulan ideas, recursos e esforzos compartidos, nace o reverdecemento. **Cando os territorios colaboran, os proxectos se conectan e os distintos axentes traballan nunha mesma dirección, os resultados fanse visibles.** E este reverdecemento reflectirase nunha mellora da calidade de vida das persoas, con **concellos máis saudables, economías locais prósperas, novas oportunidades de emprego e un maior benestar social.**

2.2. O CONCEPTO

A rede invisible que sostén o visible





Estas son as conexións que fan posible Reverdecendo.

A figura do micelio que conecta terra e auga funciona como un paraugas que **conecta os 10 concellos e os distintos proxectos impulsados polo GDR**, formando unha gran rede que se estende por todo o territorio. Como un micelio, esta rede non ten un único centro: medra, ramifícase e xera conexións a diferentes escalas, **entre concellos, comarcas, sectores e persoas.** Moitas destas conexións permanecen invisibles —a cooperación, a coordinación, o intercambio de coñecemento ou os recursos compartidos—, pero son as que fan posible ver os resultados.

As conexións crean unha rede invisible que medra e se estende polo territorio, facendo posible que a calidade de vida dos nosos concellos mellore.

A REDE INVISIBLE QUE SOSTÉN O VISIBLE

O GDR funciona como unha rede invisible, promovendo a cooperación e o traballo conxunto para acadar obxectivos comúns.

GDR Terra e Auga

REVERDECENDO

ESTRATEXIA 23-27

Reverdecendo é a estratexia que fai visible esta rede, a visión compartida que conecta todos os proxectos.

G — GRUPO — **Os concellos** como unha rede que conecta o territorio.

D — DESENVOLVEMENTO — **Os proxectos** como un impulso para xerar cambio.

R — RURAL — **O territorio e o seu potencial** como unha oportunidade para construír futuro.

Terra e Auga define quen somos.
Reverdecendo orienta cara a onde imos, cun propósito compartido.

2.3. O TERRITORIO

A colaboración como motor do desenvolvemento territorial

A capilaridade municipal do GDR permite chegar a cada concello e coñecer a súa realidade, os seus recursos e aquilo que o fai único, conectándoo cos demais dentro dunha estratexia común.
Unha rede que non uniformiza, senón que conecta e pon en valor a esencia de cada municipio.

Os 10 concellos comparten importantes recursos naturais, agrarios, culturais e humanos, pero tamén **retos como o despoboamento, o abandono agrario, o risco ambiental ou a fragmentación.**
A colaboración permite **compartir coñecemento, conectar iniciativas e afrontar xuntos desafíos que dificilmente poderían abordarse de forma illada.** Así, cada actuación suma a un proxecto territorial común, xerando sinerxías, reforzando a identidade compartida e favorecendo un desenvolvemento máis equilibrado e sostible.





REVERDECENDO
Arbo



REVERDECENDO
Mondariz



REVERDECENDO
A Cañiza



REVERDECENDO
Mondariz-Balneario



REVERDECENDO
As Neves



REVERDECENDO
Ponteareas



REVERDECENDO
Covelo



REVERDECENDO
Salceda de Caselas



REVERDECENDO
Crecente



REVERDECENDO
Salvaterra de Miño

2.4. A TÁCTICA

Como se articula a estratexia territorial

A conexión entre territorios, cada un cos seus propios recursos e necesidades, permite desenvolver diferentes proxectos que se retroalimentan.

Todo forma parte dunha mesma estratexia.

GDR Terra e Auga

REVERDECENDO

ESTRATEXIA 23-27

Obxectivos

DINAMIZAR · ARTICULAR · FACILITAR

Obxectivos

ACTIVAR · CONECTAR · TRANSFORMAR

TERRITORIO

10 concellos, con recursos e necesidades propias

- MONDARIZ
- ARBO
- A CAÑIZA
- COVELO
- CRECENTE
- AS NEVES
- SALCEDA DE CASELAS
- PONTEAREAS
- SALVATERRA DE MIÑO
- MONDARIZ-BALNEARIO

PROXECTOS

Diferentes manifestacións da estratexia

- ACTIVAVERDE
- SEMENTEIRA
- ENECORE
- TERRANOVA
- ECOFRONT_MINHO
- TERRALIMENTA

03.

PROXECTOS EN DESENVOLVEMENTO

2026-2028 GDR Terra e Auga

3. PROYECTOS EN DESENVOLVEMENTO

2026-2028 GDR Terra e Auga

Os proxectos que impulsamos actualmente desde o GDR Terra e Auga responden a ámbitos e necesidades diferentes, pero comparten unha mesma visión do desenvolvemento rural. As súas liñas de traballo compleméntanse, xeran sinerxías e **permiten abordar de forma conxunta retos e obxectivos comúns:**

RECUPERAR RECURSOS DESAPROVEITADOS

Terras abandonadas, recursos naturais, patrimonio, coñecementos, biodiversidade, actividade agraria...

CONECTAR AXENTES

Administración + produtores + empresas + cidadanía + asociacións + coñecemento + territorio

XERAR NOVAS OPORTUNIDADES

Emprego, emprendemento, agricultura, turismo, alimentación, economía verde...

TRANSFORMAR O TERRITORIO CARA A UN MODELO MÁIS SOSTIBLE.

O enfoque non está unicamente en conservar o que existe, senón en activar unha transformación.

3. PROYECTOS EN DESENVOLVEMENTO

Ámbitos de actuación

ACTIVAVERDE	Bioeconomía · Xestión sostible do territorio · Infraestrutura verde · Agroecoloxía · Adaptación ao cambio climático · Prevención de incendios · Biodiversidade · Economía local
ECOFRONT_MINHO	Río Miño · Cooperación transfronteiriza · Biodiversidade · Infraestrutura verde · Patrimonio natural · Gobernanza ambiental · Sostibilidade · Sensibilización
TERRALIMENTA	Sistemas Alimentarios Territorializados · Alimentación sostible · Produción local · Cooperación · Mercados de proximidade · Agroalimentación · Circuítos curtos · Transición ecolóxica
TERRANOVA	Relevo xeracional · Incorporación agraria · Emprendemento · Instalación no sector agrario · Ecosistemas de apoio · Formación · Acompañamento · Gobernanza
SEMENTEIRA	Relevo agrario · Agroecoloxía · Acceso á terra · Emprendemento agrario · Espazo Test Agrario · Formación · Novos agricultores · Revitalización rural
ENECORE	Transición ecolóxica · Enerxía renovable · Sostibilidade · Proximidade · Cooperación · Comunidade · Gobernanza · Innovación · Economía local · Xustiza social

3.1. ACTIVAVERDE

ACTIVAVERDE parte dunha idea sinxela: o territorio conta con recursos capaces de xerar vida, actividade e oportunidades se volvemos poñelos en movemento. Este proxecto cooperativo aposta por **unha xestión sostible da Infraestrutura Verde de Galicia**, recuperando o valor dos recursos rurais a través da bioeconomía e de actividades agroecolóxicas de alto valor natural. Unha forma de **facer fronte ao abandono e á degradación**, ao tempo que se xeran novas oportunidades económicas, emprego e servizos para o territorio.

No GDR Terra e Auga, esta visión convértese en acción mediante un **plan operativo para impulsar a bioeconomía comarcal e un proxecto demostrativo no Monte Veciñal de Paraños, en Covelo.** A recuperación da olivicultura autóctona e a apicultura rexenerativa mostran como coidar o territorio pode ser tamén unha forma de activalo e construír novas oportunidades para quen o habita.

Un proxecto que impulsa a xestión sostible do territorio mediante a bioeconomía e a agroecoloxía, xerando novas oportunidades económicas e ambientais e contribuíndo á adaptación fronte ao cambio climático.

3.2. ECOFRONT_MINHO

ECOFRONT_MINHO mira o río Miño como un patrimonio que compartimos e que nos invita a traballar xuntos máis alá das fronteiras. O proxecto desenvolve unha estratexia de cooperación transfronteiriza para protexer e poñer en valor o seu patrimonio natural e mellorar a xestión das súas infraestruturas verdes, avanzando cara a un futuro no que este territorio poida optar a ser recoñecido como **Reserva da Biosfera transfronteiriza da UNESCO.** Para iso, traballa en novas formas de gobernanza ambiental, protección dos recursos naturais e sensibilización da poboación.

O GDR Terra e Auga participa na futura estrutura de gobernanza, na identificación e protección de espazos e especies e na integración das infraestruturas verdes. Ademais, **impulsa a formación e sensibilización entre administracións, axentes económicos e comunidades locais,** fortalecendo unha conciencia común sobre o valor deste territorio.

ecofront minho

Un proxecto de cooperación para protexer o río Miño, mellorando a xestión ambiental e sentando as bases para unha futura Reserva da Biosfera.

3.3. TERRALIMENTA

TERRALIMENTA pon no centro algo tan cotián como a alimentación para convertela nunha oportunidade para o territorio. Este programa impulsa modelos alimentarios máis sostibles, xustos e arraigados, **fortalecendo os vínculos entre quen produce e quen consume localmente** para diversificar a actividade agraria, reducir a pegada ambiental e conseguir que o valor dos alimentos permaneza no territorio.

Desde o GDR Terra e Auga, esta aposta conecta cun camiño que o territorio xa comezou a percorrer, **desde a produción ecolóxica e de proximidade ata a posta en valor de produtos locais e a recuperación de terras agrarias.** A súa participación busca tecer relacións entre produtores, administracións e sociedade civil, impulsar circuítos curtos de comercialización e compartir aprendizaxes con outros territorios para seguir avanzando xuntos.

Un programa enfocado en avanzar cara a sistemas alimentarios máis sostibles e vinculados ao territorio, conectando produción, consumo e economía local a través da cooperación e dos mercados de proximidade.

Terralimenta

3.4. TERRANOVA

O proxecto **TERRANOVA** pon o foco nunha das claves para que o medio rural siga tendo futuro: **que haxa persoas que queiran continuar e poidan incorporarse á actividade agraria.**
O proxecto traballa para fortalecer os apoios que fan posible o relevo xeracional, facilitando tanto a continuidade das explotacións existentes como a chegada de novos axentes **e conectando a quen cede, quen toma o relevo e quen pode acompañar o proceso.**

O GDR Terra e Auga contribúe a construír ese ecosistema de apoio, mapeando axentes e recursos, **ofrecendo capacitación técnica e dinamizando espazos de colaboración territorial.** Tamén acompaña instalacións piloto e estuda posibles procesos de substitución de titulares, favorecendo que **o coñecemento, a actividade e as terras poidan seguir pasando dunhas mans a outras.**

GRUPO OPERATIVO terranova

Unha iniciativa para conectar a quen quere incorporarse ao campo cos recursos, axentes e explotacións que poden facilitar a súa instalación.

3.5. SEMENTEIRA

SEMENTEIRA traballa para que novas mans poidan botar raíces no territorio. A iniciativa crea un Espazo Test Agrario no territorio do GDR Terra e Auga, ofrecendo a novas persoas a **oportunidade de achegarse á actividade agraria e explorar un proxecto propio.** **Unha resposta ao envellecemento do sector e ao abandono de terras** que aposta pola sostibilidade, a agroecoloxía e a chegada de novos poboadores ao medio rural.

O Espazo Test Agrario ofrece un contorno seguro para probar, aprender e dar os primeiros pasos, combinando o acceso temporal a parcelas con apoio legal, formación, titorización e acompañamento técnico. O GDR actúa como entidade promotora e coordinadora, conectando concellos, entidades agrarias, centros de formación e outros axentes para facer xermolar novas iniciativas e **favorecer que quen chega poida construír aquí o seu futuro.**

Unha iniciativa para facilitar o relevo agrario mediante un Espazo Test Agrario que combina acceso á terra, formación e acompañamento, creando novas oportunidades para o emprendemento e a instalación no medio rural.

3.6. ENECORE

ENECORE propón unha enerxía máis próxima, compartida e ao servizo das persoas. O proxecto **impulsa o uso de enerxías renovables de proximidade no medio rural mediante experiencias piloto que exploran novas formas de producir, xestionar e compartir a enerxía.** A través de modelos como os mercados locais de enerxía e as Comunidades Enerxéticas Solidarias, busca **combater a pobreza enerxética** e demostrar que unha transición enerxética máis xusta tamén pode construírse desde o territorio.

No GDR Terra e Auga, esta visión concrétase en unha das experiencias piloto do proxecto: **a creación dunha nova comunidade enerxética comarcal de carácter solidario.** O GDR participa na súa posta en marcha, acompañando unha nova forma de xestionar e repartir a enerxía renovable e o despregamento do equipamento necesario.

enecore

Unha proposta para facer da enerxía renovable unha oportunidade compartida, accesible e ao servizo das persoas.

3.6. COMO SE RELACIONAN OS PROXECTOS

Os proxectos comparten ámbitos de actuación e xeran conexións entre si.

Estas relacións permiten que os **coñecementos, metodoloxías e recursos** desenvolvidos en cada proxecto poidan reforzar os obxectivos dos demais e contribuír a unha estratexia territorial común.



GDR Terra e Auga

REVERDECENDO

ESTRATEXIA 23-27

Proxectos en desenvolvemento 2026-2028

GDR Terra e Auga